

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 31 de xaneiro de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

6.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS SONDETEO-ANOVA E PSdeG-PSOE SOBRE AS DEFICIENCIAS DOS CENTROS EDUCATIVOS NO CONCELLO.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de cultura e educación, D.^a M^a del Pilar Pérez Fagil.

A sra. Pérez da conta da moción de 19 de xaneiro de 2018 (rex. entrada nº 584), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá e deportes de 25 de xaneiro de 2017.

“MOCIÓN DO GRUPO DE MUNICIPAL DE SONDETEO-ANOVA ePdG-PSOE SOBRE AS MULTIPLES DEFICIENCIAS DOS CENTROS EDUCATIVOS NO CONCELLO

Exposición de motivos

O Concello de Teo conta con tres CEIP, un IES e mais o CRA, que está formado por cinco escolas. Todos estes centros dependen da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Cada un destes centros posúe carencias e deficiencias no ámbito das instalacións e dos equipamentos. Algunhas delas son comúns aos centros máis antigos, que son o CEIP da Ramallosa e o CEIP de Calo. Algunha destas carencias son extremadamente graves e poderían supoñer un risco vital para nenos e nenas.

O concello de Teo, ten encomendada pola Xunta de Galicia as tarefas de mantemento destes centros, a excepción o IES. Esta competencia impropia, pola que non se recibe a contrapartida económica pertinente, foi denunciada en múltiples ocasións pola FEGAMP. A través deste mantemento, o concello intenta paliar moitas ocasións a falta de investimentos da Xunta de Galicia nos centros educativos, asumindo obras que non son responsabilidade municipal.

Baseándonos nestas deficiencias, citamos algunhas das principais necesidades.

No CEIP da Ramallosa:

- *Melloras que contribúan ao mellor aproveitamento enerxético, mediante a reforma e substitución de ventás, persianas e portas.*
- *Retirada do tellado de uralita.*
- *Dotación de escaleiras de emerxencia e outras medidas destinadas a evitar problemas semellantes.*
- *Remodelación dos pisos (baldosas e escaleiras interiores).*
- *Retirada da caldeira de gasóleo que está debaixo das aulas de infantil.*
- *Ampliación do comedor.*
- *Un ascensor.*

No CEIP de Calo:

- *Construción dun salón de actos.*
- *Escaleiras e saídas de emerxencia.*
- *Eliminación de barreiras arquitectónicas e acceso para persoas con discapacidades.*
- *Retirada do tellado de uralita.*
- *Peche exterior do centro caído e repostado con vallas de obras dende hai varios anos.*
- *Un ascensor.*

No CEIP dos Tilos:

- *Recambio de persianas en todas as ventás do centro*
- *Cambio do pavimento do patio.*

No CRA de Teo:

- *Reformas importantes por parte da administración en instalacións que son moi antigas.*

No IES de Cacheiras:

- *Resolución de problemas de espazo, pois o centro quedou pequeno para cubrir a matrícula de todo o alumnado de Teo.*
- *Resolución de problemas co transporte escolar.*
- *Peche do patio cuberto para convertelo en pavillón deportivo.*

Todas estas deficiencias foron postas en coñecemento da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Xefatura Territorial en reiteradas ocasións.

O ensino público de calidade e nas mellores condicións é un dereito fundamental da cidadanía. O Concello de Teo, como representación lexítima do pobo de Teo, esixe da administración autonómica o cumprimento de todas estas demandas.

Polo tanto, propónse ó Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

- 1. Que a Consellería competente da Xunta de Galicia solucione todas estas deficiencias dos centros do Concello de Teo e mais todas aquelas que a comunidade educativa demande.*
- 2. Que se establezan medidas de seguimento periódicas sobre as condicións dos centros por parte da Xunta de Galicia, e se actúe de xeito preventivo e non reactivo diante do deterioro das instalacións e da obsolescencia das mesmas”.*

(.....)

Sometida a votación o ditame da moción conxunta dos grupos municipais de Son de Teo-ANOVA e PSdeG-PSOE sobre as deficiencias dos centros educativos no concello, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

1.- Que a Consellería competente da Xunta de Galicia solucione todas estas deficiencias dos centros do Concello de Teo e mais todas aquelas que a comunidade educativa demande.

2.- Que se establezan medidas de seguimento periódicas sobre as condicións dos centros por parte da Xunta de Galicia, e se actúe de xeito preventivo e non reactivo diante do deterioro das instalacións e da obsolescencia das mesmas.

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, a 1 de febreiro de dous mil dezaioito.

Vº e praxe

O alcalde acctal.

X. Ignacio Iglesias Villar

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz